

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 11/01/2021
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

MATILDE LAYA LORENZO
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

SECRETARIA

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 11/01/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04 de xaneiro de 2021, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/4790

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Transportes y Construcciones Dieguez SL para rehabilitación de estación de bombeo para eliminación de vertedura de augas residuais ao dominio público hidráulico en o Lago-Cea, por un importe total de 11.851,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.61900.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0001

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal, Director-coordinador da Oficina Técnica de Rehabilitación Urbana en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Vilaxoán, a instancia de Dona Maria Josefa Alegret Bouzón, no lugar de Rúa Vázquez Leis nº 8, Vilaxoán, que indica que: O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o

procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a iniciación do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-VIL. 12/2020)

PRP2021/0003

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gasocentro Caldas SL para o subministro de 4.000 litros de gasoleo de calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 2.360,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0005

Dáse conta do escrito presentado por Club Deportivo Bamio Vilagarcia solicitando autorización para celebrar, o día 5 de xaneiro de 2021, en horario de 18:30 a 21:00 horas un desfile de Reis Magos por diversas rúas da Parroquia de Bamio.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e fai constar tendo en conta a data de presentación da solicitude (26 de decembro de 2020), non se puido autorizar a actividade solicitada con antelación á data de celebración.

PRP2021/0006

Vista a proposta do Responsable de Compras de material administrativo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REDIMOR SL para o subministro de papel para distintos servizos municipais (1.800 paquetes de folios DIN A-4 NAVIGATOR 80 GR/500 follas e 75 paquetes de folios DIN A-3 NAVIGATOR 80 GR/500 follas), por un importe total de 6.249,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0009

Dáse conta de escrito remitido pola Xefatura de Tráfico de Pontevedra, no que solicita a sinalización de diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa que se atopan a carón do término municipal de Vilanova de Arousa.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á seguinte sinalización:

- Estrada que vai de Andrés, confluencia con camiño das Laxes: Colocación de sinal vertical de STOP e pintado de marcas viais na calzada dando preferencia aos vehículos que circulan cara o Camiño do Piñeiro dende o Camiño das Laxes.

- Na calzada en dirección Camiño das Laxes cara Camiño do Piñeiro: hai un muro de peche bastante antigo que corta a calzada case pola metade, polo que acórdase a colocación de sinal de estreitamento de calzada uns 15 m. antes do mesmo.
 - En dirección Camiño do Piñeiro cara o Camiño das Laxes, atópase un parque infantil á marxe esquerda e o campo da festa á marxe dereita: acórdase a colocación de bandas reductoras de velocidade para protexer a integridade física dos/as nenos/as.
 - Intersección de Rúa Fonte Vella: Colocar un sinal vertical de STOP e pintado de liñas lonxitudinais na calzada.
 - Intersección con Camiño do Piñeiro: Retirar sinal de ceda o paso totalmente deteriorada e colocación de sinal de STOP con pintado de marcas viais na calzada.
- Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2021/0010

Dáse conta de escrito presentado pola Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa solicitando a instalación dunha carpa na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Rúa Baldosa o día 2 de xaneiro de 2021 para realizar unha campaña de captación de socios.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0011

Dáse conta do escrito presentado por Club Deportivo Bamio Vilagarcia solicitando autorización para celebrar, o día 24 de decembro de 2020, en horario de 17:00 a 20:00 horas un desfile de Papá Noel por diversas rúas da Parroquia de Bamio.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e fai constar tendo en conta a data de presentación da solicitude (14 de decembro de 2020), non se puido autorizar a actividade solicitada con antelación á data de celebración.

PRP2021/0012

En relación con escritos presentados por A Dos Ruedas Formación SL, Centro de Formación Sálvora SL, Autoescola Salvora SL e Autoescola Pintos, nos que solicitan a realización de prácticas de destreza na conducción no Polígono do Pousadoiro en horario exclusivo, ao igual que se lle concedeu recentemente aos Centros de Formación Vial Santa Eulalia SL e Autoescola Umia SL., e visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

Unificar os horarios para todos os usuarios en días laborais, de 9 a 13 horas e de 15 a 21 horas, colocando un único panel que complementa o sinal, distribuíndose do seguinte xeito:

- Luns Autoescola Vial Santa Eulalia SL.
- Martes Autoescola Umia SL
- Mércores Autoescola A Dos Ruedas Formación SL
- Xoves Autoescola Pintos SL
- Venres Autoescola Sálvora SL
- Sábado Centro de Formación Sálvora SL

PRP2021/0013

Dáse conta da publicación no BOP de Pontevedra, de data 4 de xaneiro de 2021, das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos)2021 cun

prazo para presentar as solicitudes de tres meses contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0026

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas (Obras-Mellora Rural), a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Talleres Santiago Iglesias SL para a reparación do vehículo matrícula 1055-BBS adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 1.038,07 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0042

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Eiras Mollinedo solicitando autorización para celebrar, o día 5 de xaneiro de 2021, en horario de 18:30 a 20:00 horas un desfile de Reis Magos por diversas rúas da Parroquia de Carril.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e fai constar tendo en conta a data de presentación da solicitude (3 de xaneiro de 2021), non se puido autorizar a actividade solicitada con antelación á data de celebración.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2021/0022

Vista a proposta dos Servizos Sociais, o Informe da Intervención Municipal e o informe da Coordinadora dos Servizos Sociais, no que se indica que, dadas as características das persoas usuarias do servizo é oportuno contratar o mesmo coa Empresa que o prestou durante o ano 2020, coa finalidade de estabilizar e minimizar os riscos nos contactos para as persoas en situación de dependencia, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Montserrat Borrageiros Mariño para a prestación do Servizo de Podoloxía para as persoas beneficiarias e usuarias do Servizo de Axuda no Fogar durante o ano 2021, por un importe total de 15.000,00 €, con cargo á partida 231.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/0023

Vista a proposta dos Servizos Sociais, o Informe da Intervención Municipal e o informe da Coordinadora dos Servizos Sociais no que se indica que, dadas as características das persoas usuarias do servizo é oportuno contratar o mesmo coa Empresa que o prestou durante o ano 2020, coa finalidade de estabilizar e minimizar os riscos nos contactos para as persoas en

situación de dependencia, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Katia Maria Bonvehi San Martín, para prestación do servizo de fisioterapia para a anualidade 2021 para as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, como actuación complementaria (442 sesións anuais), por un importe total de 15.000,00 € (IVE exento), con cargo á partida 231.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2021/0024

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Labora Xove 2020", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Clece SA para o servizo de limpeza das instalacións do Obradoiro de Emprego na Rúa Agustín Romero nº 52, por un importe total de 1.669,20 € (IVE incluído) (166,29 €/mes) durante o periodo de duración do obradoiro (do 11 de xaneiro ao 29 de outubro de 2021), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2020/4797

Dáse conta de notificación da Secretaría Xeral de Igualdade na que comunica a modificación da resolución de concesión de subvención ao CIM para o ano 2019 (Expte. SI427B2019/51), producíndose unha minoración do importe da mesma, en 565,88 €, pasando de 44.577,19 € a 44.011,31 €.

Comunican así mesmo o recoñecemento de obriga e proposta de pagamento da liquidación final, por importe de 16.865,24 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/4798

Dáse conta de Resolución do 10 de decembro de 2020, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, de transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o exercicio de 2020, correspondendo ao Concello de Vilagarcía de Arousa 9.715,14 €, debendo deducirse desa cantidade o remanente de 51,89 € e do ano 2018, sendo a contía final a percibir de 9.663,25 €.

O período de execución dos citados fondos é o comprendido entre o 1 de xullo de 2020 e o 30 de xuño de 2021, debendo estar xustificadas a 30 de setembro de 2021 como data límite.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/0106

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de

decembro de 2020, sobre xustificación do gasto e pagamento da subvención polo convenio de axuda a mulleres vítimas de violencia de xénero, figurando no mesmo a denominación da entidade como Asociación Xtodas e debendo figurar a denominación correcta "Asociación de Ayuda a Mujeres Víctimas de Violencia de Género".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o acordo indicado, quedando redactado do seguinte xeito:

Vista a proposta da Concellería da área de Igualdade, para xustificación do gasto e pagamento da subvención á Asociación de Ayuda a Mujeres Víctimas de Violencia de Género, polo convenio de axuda a mulleres vitimas de violencia de xénero asinado con esta entidade.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a xustificación presentada pola asociación, e o recoñecemento de obriga por importe de 1.087,24€ con cargo á partida 2312-489.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2021/0025

Aos efectos do disposto na base 20ª da BEO 2020 prorrogadas ao exercicio 2021, relativa ao recoñecemento e liquidacións das obrigas e á vista das propostas realizadas polos/as respectivos/as Concelleiros/as delegados/as, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da seguinte listaxe de “Responsables de Compra” por cada un dos Servizos Municipais Relacionados:

1.-ENCARGADOS DE CUMPRIMENTAR ORDES DE COMPRA (ata 600€):

PROGRAMA		TITULAR	SUPLENTE
132	POLICÍA	JOSE ANTONIO PREGO DASILVA	JOSE LUIS COUTO ESTEVEZ. JOSE CARBALLEIRA. MARIO VAZQUEZ (SINALIZACIÓN))
133	ORDENACIÓN DO TRÁFICOS E ESTACIONAMENTO	RICARDO PICHEL	ADRIAN VILAS
134	MOBILIDADE URBANA	CONCELLEIRA MOBILIDADE	TENENTE ALCALDE
135	EMERXENCIAS	FRANCISCO J. GUILLÁN BUSTO	JACOBO CAMPOS
150	XERENCIA URBANISMO	JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ CUIÑA	EMILIO PUMAR
151	URBANISMO	JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ CUIÑA	EMILIO PUMAR
153	VÍAS PÚBLICAS	RICARDO PICHEL	ADRIAN VILAS
161	SANEAMENTO	RAMÓN CALDAS	RICARDO PICHEL
164	CEMITERIOS	JUAN EXPÓSITO	NARCISO BOULLOSA
165	ALUMEADO PUBLICO	RAMON CALDAS FERRO	JUANJO DURAN CRESPO
170	MEDIO AMBIENTE	MANUEL LINARES	JOSÉ OLIVEIRA
171	PARQUES E XARDÍNS	LOLY BARREIRO	MANUEL LINARES
231	SERVIZOS SOCIAIS	IRIA CAMBA REY	Mª DOLORES AGRA
311	SANIDADE E BENESTAR ANIMAL	FRANCISCO J. GUILLÁN BUSTO MANUEL LINARES	JACOBO CAMPOS JOSÉ OLIVEIRA
320	EDUCACIÓN/FORMACIÓN OCUPACIONAL	JAVIER VILLARONGA	MARÍA GALBÁN
334	CULTURA	ROSA BARREIRO	ÁNGELA FANDIÑO
341	F. DEPORTES	DIRECTOR/A DEPORTIVO/A	JAVIER VICENTE ADELA MIGUÉNS
432	TURISMO	JAVIER VILLARONGA	PATRICIA GARCÍA MARIA
453	ESTRADAS	RICARDO PICHEL	ADRIAN VILAS
454	CAMIÑOS VECIÑAIS	RICARDO PICHEL MANUEL LINARES	ADRIAN VILAS

459	OUTRAS INFRAESTRUCTURAS	RICARDO PICHEL	ADRIAN VILAS
912	ALCALDÍA E PROTOCOLO ORGANOS GOBERNO	RAMÓN REIRÍS	O ALCALDE
920	PORTERÍA/ADMON.XERAL	ERNESTO VILA	ENRIQUE MONTENEGRO
920	SECRETARÍA E ADMÓN. XERAL	ROSA LOSADA	RAMON REIRIS JAVIER BARRIO (CORREOS)
926	ÁREA COMUNICACIÓN	MANUEL VILLARONGA	ROCIO LUEIRO
931	INTERVENCIÓN	TRINIDAD GÓMEZ	MARÍA BERMÚDEZ
931	TESOURERÍA E RENDAS	MARIA CARMEN CASTRO LOUZAO	MARÍA JOSÉ LORENZO
934	RECADACIÓN	MARIA CARMEN CASTRO LOUZAO	OSCAR CHAO (RECADADOR)
1522	CONSERV. E REHAB. DE EDIF	JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ CUIÑA	EMILIO PUMAR
2311	SPAD	CARMEN MARIÑO	BLANCA VAZQUEZ CORRAL
2312	IGUALDADE	JULIA BARBOSA	BELEN GARCIA DACOSTA
2314	XUVENTUDE	MAITE GARCÍA	MARTA BARREIRO
2412	ESCOLA OBRADOIRO	DIRECTORA DA ESCOLA	TITOR/ ADMINISTRATIVO AUXILIAR
3261	CONSERVATORIO	ROSINA SOBRIDO	VLADIMIRA SMAUSOVA
3262	ESCOLA DE MÚSICA	ALBERTO ESTEVEZ RODRIGUEZ	ANGELES DURAN ARROYO
4311	FEIRAS E COMERCIO	MARIO VAZQUEZ	A CONCELLEIRA
4312	MERCADOS	JESÚS CRESPO	ANTONIO FRANCO GIRALDEZ
4321	BIBLIOTECA MUNICIPAL	MERCEDES NOGUEIRA	ISABEL PEREIRA
4591	PRAIAS	FRANCISCO JAVIER GUILLÁN BUSTO MANUEL LINARES	JACOBO CAMPOS
9201	INFORMÁTICA	JUAN LUIS NÚÑEZ	RICARDO LAGES

2.- RESPONSABLES DE COMPRAS CON AUTORIZACIÓN XENÉRICA PARA TÓDOLOS SERVIZOS MUNICIPAIS:

2.1 Os responsables de compras autorizados para os servizos municipais de Obras, Alumeado público e Saneamento quedarán igualmente autorizados con carácter xeral para á tramitación de contratos menores dentro desta modalidade, para todos os restantes servizos municipais dado o soporte xeral que realizan para o normal desenvolvemento dos mesmos.

Non obstante, na orde de compra o calquera outro documento empregado para a acreditación da contratación realizada, deberán indicar en todo caso o programa o que realmente queda vencellado o expediente de gasto incoado para a correcta aplicación orzamentaria do mesmo; en caso de non indicar o servizo municipal para o que se realiza o gasto éste será aplicado por defecto o programa propio do responsable asinante.

2.2 Para os contratos de subministros tramitados por esta modalidade contitativa que teñan por obxecto material relacionado cos medidas sanitarias de prevención contra COVID-19 no ámbito laboral, désígnase como responsable de compras xenérico para todos os servizos municipais o Xefe do servizo Municipal de Emerxencias.

3.-DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DO IMPULSO DO GASTO:

1.- No caso de que o responsable de compras faga uso do modelo normalizado de orde de compra, ou calquera outro documento no que quede fehacientemente acreditada a identidade municipal no impulso do gasto, estes deberán ir sempre asinados polo responsable de compras designando ao efecto.

2.- No caso de facer uso de orde de compra ou documento equivalente, os responsables de compras verificarán que os xustificantes de gasto coincidan nos seus extremos.

3.-Os reponsables deberán asegurarse de que o provedor faga constar no xustificante os seguintes extremos:

- Servizo ao que corresponde o gasto
- Nome do responsable do gasto.
- N° albarán
- Data na que expide o albarán
- Ou no caso de gastos previamente autorizados, indicación da data de aprobación do gasto.

4.- No caso expedientes de gasto financiados con fondos finalistas (subvencións), na conformidade os responsables deberán indicar o proxecto de gasto ó que corresponde.

5.- Verificada a factura, remitirase ó departamento de Intervención asinada en conformidade polo responsable de compras.

6.- Intervención fará as verificacións oportunas e remitirá a/s factura/s para a súa aprobación polo órgano competente.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:20 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.